



ADMINISTRACION LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Convocatoria para a contratación dun monitor de tempo libre, para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal de Vedra, polo procedemento de concurso de méritos con presentación de oferta pechada na Oficina de Emprego Santiago Norte.

ANUNCIO

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACION DUN MONITOR/A DE TEMPO LIBRE, PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES E LUDOTECA MUNICIPAL DE VEDRA, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 390/2019 de 30 de xullo, aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección dun monitor de tempo libre, para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal de Vedra para reforzo de verán no servizo de madrugadores e ludoteca municipal e substitución da baixa por maternidade ou IT por embarazo de risco dunha das traballadoras do servizo, despois de comprobar que non existen candidatos/as dispoñibles na bolsa de emprego público temporal de 2017 e dada a urxente necesidade de prestar o servizo e a imposibilidade de prever a data para a substitución da baixa por maternidade ou IT por embarazo de risco, polo procedemento de concurso de méritos con presentación de oferta pechada na Oficina de Emprego Santiago Norte.

O Concello de Vedra procederá á presentar oferta pechada na Oficina de Emprego correspondente. Dende o día seguinte á remisión da lista provisional de candidatos/as pola oficina de emprego e chamamento dos mesmos polo concello, os candidatos terán un prazo **de 3 días hábiles** para presentar a documentación acreditativa de requisitos e méritos, para poder participar no concurso de méritos.

BASES PARA A CONTRATACION DUN MONITOR/A DE TEMPO LIBRE, PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES E LUDOTECA MUNICIPAL DE VEDRA, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS,

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a contratación, na modalidade de Contrato Temporal por “obra ou servizo determinado” a xornada completa de un/unha “monitor/a de tempo libre para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal de Vedra”, para reforzo de verán no servizo de madrugadores e ludoteca municipal e substitución da baixa por maternidade ou IT por embarazo de risco dunha das traballadoras do servizo, despois de comprobar que non existen candidatos/as dispoñibles na bolsa de emprego público temporal de 2017 e dada a urxente necesidade de prestar o servizo e a imposibilidade de prever a data para a substitución da baixa por maternidade ou IT por embarazo de risco, segundo o exposto e xustificado na Resolución da Alcaldía núm. 390/2019 de 30 de xullo.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de presentación da solicitude nas dependencias municipais:



- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), para os nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.
- d) Que non fora separado mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1994 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- f) Estar en posesión do título de monitor de tempo libre, técnico superior en educación infantil ou diplomado ou graduado en maxisterio (especialidade educación infantil).
- g) Estar en posesión da licenza de condución de tipo B.
- h) Estar inscrito como desempregado/a ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego. Os candidatos serán preseleccionados pola Oficina de Emprego Santiago Norte, previa oferta pechada presentada pola alcaldía do Concello de Vedra.

Terceira.- Convocatoria

O Concello de Vedra procederá á presentar oferta pechada na Oficina de Emprego correspondente. Dende o día seguinte á remisión da lista provisional de candidatos/as pola oficina de emprego e chamamento dos mesmos polo concello, os candidatos terán un prazo **de 3 días hábiles** para presentar a documentación acreditativa de requisitos e méritos, para poder participar no concurso de méritos.

As e os aspirantes interesados no posto de traballo terán que presentar unha instancia (Anexo I), dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello de Vedra en horario de 9:00 a 13:00 horas de luns a venres ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (neste caso, os/as aspirantes deberán comunicalo mediante e-mail correo@concellodevedra.com, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias).

Cuarta.-Comisión seleccionadora.

1.- A Comisión seleccionadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública.

Secretario (con voz e sen voto): O da corporación, ou funcionario que o substitúa.

1º vocal: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

2º vocal: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

3º vocal: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

4º vocal: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

Vocal suplente: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

2.- O tribunal poderá solicitar axuda de técnicos ou asesores cando o considere axeitado.

3.- O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen.



4.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade competente cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas.

5.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

6.- As actuacións da Comisión seleccionadora poderanse recurrir conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

8.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Quinta.- Proceso de selección.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases cos candidatos que presentasen solicitude en prazo e resultasen admitidos.

Fase de concurso

Méritos a valorar:

- Cursos relacionados co posto a desempeñar:
 - De 20 a 50 horas (0,10 ptos. por curso ata un máximo de 1 pto.)
 - De 51 a 99 horas (0,20 ptos. por curso ata un máximo de 1 pto.)
 - De 100 ou máis horas (0,30 ptos. por curso ata un máximo de 2 ptos.)
 - Cursos de galego:
 - Curso de Iniciación de lingua galega ou validación: 0,50 ptos.
 - Curso de Perfeccionamento de lingua galega ou validación: 1,00 ptos.
- Só se terá en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os candidatos presentados.
- Experiencia laboral:
 - Experiencia xustificada relacionada directamente co posto de traballo a desempeñar: ata 2,00 ptos a razón de 0,10 ptos/mes.
 - Outra experiencia xustificada similar ao posto de traballo a desempeñar: ata 1,00 pto. a razón de 0,10 puntos/mes.
- Non se terán en conta os períodos inferiores a un mes.

A puntuación máxima neste apartado do proceso de selección será de 8,00 puntos.

Os aspirantes ao posto deberán presentar xunto coa solicitude, o DNI, o carné de conducir, a titulación que acrediten como requisito mínimo, a tarxeta de demandante de emprego, diplomas, títulos ou certificados dos cursos dos que estean en posesión (para acreditar os certificados de galego poderán presentar documento de convalidación), unha vida laboral actualizada, contratos de traballo e certificado da empresa de servizos prestados, carnet de conducir e toda aquela documentación que acredite os méritos alegados en copia simple.

No suposto de empates na valoración dos méritos, efectuarase o desempate polo maior tempo de experiencia laboral dos candidatos/as empatados.



Sexta.- Procedemento de selección.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a lista definitiva de admitidos que será exposta no taboleiro de edictos e na páxina web do concello de Vedra, incluíndo na mesma a composición do tribunal e a data, lugar e hora de celebración do baremo dos méritos aportados por cada candidato.

Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación. Considerando que en ningún caso o número de aspirantes aprobados pode excede-lo número de prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

Sétima.- Formalización dos contratos.

A proposta do tribunal cualificador elevarase á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de contratación, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.

O Contrato formalizarase co aspirante seleccionado.

Oitava.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vedra, 30 de xullo de 2019

O Alcalde-Presidente



ANEXO I

SOLICITUDE PARA OS POSTOS DE MONITOR DE TEMPO LIBRE PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES E LUDOTECA MUNICIPAL DE VEDRA

D/D^a _____ con DNI número _____
e domicilio a efectos de notificación en _____
C.P. _____ e teléfono _____

Expón:

Que desexa participar no proceso selectivo por procedemento de concurso de méritos, para a provisión dun posto de traballo de “monitor de tempo libre para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal de Vedra”, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto da Alcaldía núm. 390/2019 de 30 de xullo.

Para tal efecto fai constar:

Que reúne todos os requisitos esixidos na base segunda da convocatoria.

Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación.

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido concurso.

Documentación que achega:

-
-
-
-
-
-
-

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos que figuran na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria e praza solicitada, así como que acata integramente o contido das bases.

Vedra, de setembro de 2019.

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA